



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2026

RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 15.04.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 15.04.2026, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Tramitáronse e aprobáronse: 1 alta como exercente residente; 1 cambio de non exercente a exercente; 2 baixas de exercentes por xubilación; 2 baixas de non exercentes.
2. **Informes de honorarios.** Tramitáronse e aprobáronse 33 informes de honorarios para taxacións de custas: 30 de materia bancaria (nulidade de condicións xerais da contratación), 1 de materia penal e 2 de procedementos verbais de reclamación de cantidade. Coa aprobación destes 33 ditames atendéronse as solicitudes recibidas ata finais de febreiro de 2026. No que levamos de ano realizáronse 440 informes.
3. **Escritos e oficios dos xulgados.** Atendéronse e contestáronse diversos oficios remitidos polos órganos xudiciais en relación cos solicitudes de cambios de letrados/as de oficio.
4. **Oficios do Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.** Tomouse recibo de 4 oficios remitidos polo Rexistro Mercantil en relación con cambios na composición de sociedades profesionais.
5. **Dilixencias de información previa.** Unha vez examinada a correspondente proposta de resolución, acordouse o arquivo do expediente das dilixencias de información previa 2/2026.

COMUNICACION TRIBUNAL DE INSTANCIA PRESIDENCIA SANTIAGO DE COMPOSTELA

Problemas LEXNET